

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE "GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A." E A FUNDACIÓN "INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" (FIDIS), PARA O SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN DA IMPLANTACIÓN DA TECNOLOXÍA DE PROTONTERAPIA NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.

COMPARECEN

Dunha parte, D^a Rocío Mosquera Álvarez, con DNI 34911297-B quen actúa en nome e representación de Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. Intervén en calidade de directora-xerente e como apoderada, resultando as súas facultades xenéricas do acordado polo Consello de Administración da dita entidade, en data 22 de xaneiro de 2018, elevado a escritura pública o 22 de febreiro de 2018, outorgada ante o notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán López, co número 366 do seu protocolo.

E doutra parte, D^a Isabel Lista García, con DNI 44812997-G, quen actúa en nome e representación da Fundación "Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela" (FIDIS), na súa condición de Directora, de conformidade coas atribucións confiridas no artigo 32 dos estatutos da Fundación.

Ambas partes, na representación que ostentan recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para establecer a presente encomenda e a tal efecto

EXPOÑEN

I.- "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.", (en adiante Galaria), ten a consideración de sociedade mercantil pública autonómica, con forma de sociedade anónima, que se constitúe como medio propio personificado respecto da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico para a execución das actividades que lle sexan encomendadas por esta ou polos seus organismos, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social.

De acordo co sinalado nos seus estatutos, as súas relacións coa administración autonómica e as entidades que integran o sector público autonómico serán a todos os efectos de carácter interno, dependente e subordinado, articulándose a través de encargos, que se rexerán polo disposto no artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de

novembro, de contratos do sector público, polo artigo 13 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e polos artigos 8, 9 e 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O texto refundido dos citados estatutos foi aprobado pola xunta xeral de Galaria en data 8 de outubro de 2019 (previa autorización do Consello da Xunta mediante acordo do día 29 de maio de 2019).

Segundo o artigo 2 dos mesmos estatutos sociais, forman parte do obxecto social de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. a promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación de infraestruturas sanitarias promovidas ou participadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, vinculadas ao ámbito sanitario, así como a prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario.

As actividades contempladas no obxecto social poderanse realizar, total ou parcialmente, ben mediante a creación de sociedades filiais, ben participando en outras sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou ben mediante calquera outra fórmula admitida en dereito.

II.- Galaria conta, entre as súas unidades asistenciais, coa unidade de Oncoloxía radioterápica do Hospital do Meixoeiro que conta con 4 aceleradores lineais que permiten realizar practicamente tódalas técnicas de radioterapia que se aplican en pacientes oncolóxicos.

A actividade asistencia que Galaria presta para o Servizo galego de Saúde regúlase a través dun contrato programa e as súas correspondentes adendas onde se recolle a actividade a realizar por Galaria, se establecen fórmulas especiais de colaboración con recursos humanos nas áreas de servizo compartido, e no que se incorporan os servizos de consultaría e a xestión de diferentes proxectos encomendados. Así mesmo, recóllense en cláusulas adicionais diferentes servizos de cooperación para o desenvolvemento de programas de xestión e investigación.

III.- Con data 31 de marzo de 2021 o Consello de Administración de Galaria aprobou por unanimidade avanzar no proxecto de estudar a posible implantación dun centro de tratamento de protóns. O cumprimento deste obxectivo poderá ser realizado por Galaria de maneira directa ou a través de contratos, concertos e convenios de colaboración con terceiras persoas ou entidades.

IV.- Con data 19/10/2021 asinouse un Convenio entre o Ministerio de Sanidade, as consellerías competentes en materia de Sanidade das CCAA (entre elas a Comunidade Autónoma de Galicia) e a Fundación Amancio Ortega Gaona, para a

colaboración na implantación da protonterapia no Sistema Nacional del Saúde, feito público mediante Resolución do 26 de outubro de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE nº 267, do 8 de novembro).

O convenio asinado co Ministerio de Sanidade establece un Plan de implantación da protonterapia en todo o Sistema Nacional de Salud, mediante a incorporación de dez equipos que adquirirá o Ministerio e financiará a Fundación Amancio Ortega Gaona, un dos cales irá destinado a Galicia.

Para tal efecto, establecéronse uns compromisos asumidos por cada unha das Comunidades Autónomas, entre os que se atopan:

- Asumir a inversión necesaria para a instalación e posta en funcionamento.
- Poñer a disposición os recursos humanos necesarios para a posta en funcionamento, seguimento, control e continuidade dos tratamentos.
- Realizar o plan de formación con suficiente antelación e detalle para que o persoal implicado adquira os coñecementos prácticos necesarios para a posta en funcionamento dos equipos e para a aplicación posterior dos tratamentos.
- Cumprir os prazos establecidos no proxecto de implantación e posta en funcionamento da unidade.
- Unha vez entregados os equipos, realizar todo o necesario para que os mesmos entren en funcionamento nun prazo non superior a 12 meses.
- Porán todos os medios necesarios para a obtención de todas as licencias e permisos necesarios para a instalación dos equipos e para a realización da obra civil necesaria previa, tratando de minimizar calquera atraso por motivos administrativos.

V.- A Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), de conformidade co artigo 7 dos seus estatutos, ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que podan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.

Con ese propósito, a Fundación servirá de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, dous centros do Sistema Sanitario Público de Galicia e contribuirá eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

Ademais, a fundación ten entre os seus fins contribuír ao desenvolvemento tecnolóxico do Sistema Sanitario.

VI.- A Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, prevé no seu artigo 34 as regras aplicables nesta materia aos convenios de colaboración que subscriban os axentes públicos, entre os que se atopan as administracións públicas, as universidades e os organismos públicos.

Para tal efecto, o citado precepto prevé que ditos axentes poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo para a realización conxunta das seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- b) Creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación, e infraestruturas científicas.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- d) Formación de persoal científico e técnico.
- e) Divulgación científica e tecnolóxica.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

Para os efectos do previsto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a vixencia dos convenios dos parágrafos a), c), d) e e) do apartado anterior, vinculados a un programa ou proxecto español, europeo ou internacional de I+D+i virá determinada nas cláusulas do propio convenio, sen que poida superar en ningún caso os cinco anos de duración inicial. Os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga, antes da finalización do prazo de vixencia previsto, por un período de ata cinco anos adicionais.

Os convenios de las letras b) e f) citadas anteriormente que afecten a consorcios de infraestruturas de investigación europeas, así como os convenios da letra b) do apartado anterior polos que se crean ou financian centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación e infraestruturas científicas que sexan axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, poderán ter vixencia indefinida, vinculada á duración do correspondente centro, instituto, consorcio, unidade de investigación, ou infraestrutura científica, en función do cumprimento dos fins para os que se crearon, polas esixencias do proxecto científico, ou pola natureza dos investimentos que requira ou a amortización das mesmas.

Nestes convenios incluíranse as achegas realizadas polos interviñentes, así coma o réxime de distribución e protección dos dereitos e resultados da investigación, o

desenvolvemento e a innovación. A transmisión dos dereitos sobre estes resultados deberase realizar cunha contraprestación que corresponda ao seu valor de mercado.

VII.- O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o terceiro reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación. En relación con este reto, unha prioridade é a o enfoque cara ás persoas mediante, entre outros ámbitos, a medicina de prevención, rexenerativa e de precisión.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 3 busca completar e consolidar as cadeas de valor.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 3 (Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) a través da prioridade 3 (enfoque cara ás persoas). Ten como obxectivo estratéxico completar e consolidar as cadeas de valor (obxectivo estratéxico 3), integrándose polo tanto no programa Completa e Transfire.”

VIII.- Tendo en conta o marco normativo descrito, a actividade obxecto do presente convenio, consistente na colaboración entre FIDIS e Galaria para o intercambio de información e colaboración en I+D enfocados ás actividades de seguimento e coordinación das actividades que require a implantación da técnica de protonterapia en Galicia, aparece como unha actividade prevista nas letras a) e c) do artigo 34 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Así, Galaria e FIDIS queren colaborar nas actividades de interese mutuo relacionadas co obxectivo de este convenio, intercambiando información e resultados, como unha importante oportunidade de cara a outras futuras colaboracións nas que pode participar de maneira activa e visible a FIDIS como apoio especializado para procesos de instalación do equipamento, os requirimentos técnicos que require a obra civil, a definición técnica de execución de proxectos con requisitos especializados propios

da tecnoloxía da protonterapia, as actividades de formación, os requirimentos do uso da instalación para a investigación, etc.

A estes efectos as partes acordan formalizar tales compromisos nos instrumentos xurídicos que correspondan.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexera a colaboración entre a FIDIS e Galaria para a realización das accións e fitos necesarios para o desenvolvemento das tarefas que se correspondan cos compromisos asumidos pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde no Convenio asinado co Ministerio de Sanidade o 19/10/2021 de cara á efectiva implantación e funcionamento do centro de protonterapia (PT) de Galicia e, nomeadamente, os seguintes:

- a) Seguimento do proxecto de instalación e posta en funcionamento.
- b) Seguimento da obra civil do centro.
- c) Coordinación de actividades de formación.
- d) Coordinación de instalación de investigación.

Os fitos correspondentes e as accións asociadas aos mesmos, así como o cronograma de actividades, descríbense nos Anexo I e II do presente convenio.

SEGUNDA.- COMPROMISOS

1. Para a consecución dos obxectivos establecidos, FIDIS comprométese a :

- Coordinar as actividades de seguimento do proxecto do Centro de protonterapia de Galicia así como supervisar a execución da instalación do equipamento de protonterapia, en colaboración coa empresa provedora.
- Participar en actividades relacionadas co seguimento da instalación e comisionado dos diferentes equipos (acelerador na sala do ciclotrón, liña de transporte de protóns entre a sala do ciclotrón e a sala de tratamento, estrutura gantry na sala de tratamento), na relación co Consello de Seguridade Nuclear, e na tramitación das autorizacións necesarias.

- Colaborar coa representación da Comunidade autónoma no grupo de traballo técnico (Mesa Técnica de seguimento) e co grupo de traballo de Protección Radiolóxica, do Ministerio de Sanidade.
- Facilitar a comunicación entre os interlocutores da empresa provedora de equipamentos a instalar, os equipos de traballo da Consellería, e os equipos de especialistas en arquitectura, modelado BIM, enxeñería de instalacións e blindaxes, adscritos á empresa adxudicataria da execución do proxecto.
- Participar en actividades relacionadas co seguimento da execución de obras de solucións de protección radiolóxica (bunquer de blindaxe, saídas de ventilación e refrixeración, xeración de residuos, etc.), e na relación co CSN e a autorización necesaria para a aceptación da obra.
- Contribuír á coordinación das actividades de formación de persoal do plan de formación ofertado pola empresa provedora de equipamento, ao desenvolvemento de plans de formación complementarios e ao desenvolvemento de actividades de divulgación sobre protonterapia, así como colaborar co grupo de traballo de Formación do Ministerio de Sanidade para a implantación da protonterapia no SNS.
- Contribuír ao desenvolvemento dunha liña de servizos de apoio a actividades de investigación en protonterapia.

2. Pola súa banda, Galaria comprométese a:

- Realizar tarefas de seguimento do proxecto de Centro de protonterapia de Galicia así como da execución da instalación do equipamento de protonterapia, aportando a información dispoñible froito da súa experiencia no campo técnico-sanitario.
- Participar en actividades relacionadas co seguimento da instalación e comisionado dos diferentes equipos (acelerador na sala do ciclotrón, liña de transporte de protóns entre a sala do ciclotrón e a sala de tratamento, estrutura gantry na sala de tratamento), así como na definición de aspectos fundamentais e de propostas de solucións concretas técnicas e organizativas, que permitan a implementación da técnica de protonterapia.
- Prestar apoio e reforzar a comunicación entre os interlocutores da empresa provedora de equipamentos a instalar, os equipos de traballo da Consellería, e os equipos de especialistas en arquitectura, modelado BIM, enxeñería de instalacións e blindaxes, adscritos á empresa adxudicataria da execución do proxecto.
- Participar e prestar apoio en actividades relacionadas co seguimento da execución de obras de solucións de protección radiolóxica, e na relación co CSN e a autorización necesaria para a aceptación da obra.

- Analizar o interese e viabilidade de sinerxías xurdidas da investigación básica arredor desa mesma técnica, así como o alcance das vías de financiamento publico de I+D para equipamento e formación de especialistas.
- Coordinar actividades de formación de persoal do plan de formación ofertado pola empresa provedora de equipamento, ao desenvolvemento de plans de formación complementarios e ao desenvolvemento de actividades de divulgación sobre protonterapia, así como colaborar co grupo de traballo de Formación do Ministerio de Sanidade para a implantación da protonterapia no SNS.
- A aportar os recursos, tanto materiais como persoais, que estean ao seu alcance para levar a cabo a actividade de colaboración obxecto do presente convenio.

3. Ambas partes comprométense tamén a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos de seguimento.

4. Os traballos encomendados á FIDIS serán responsabilidade do grupo de investigación do IDIS Grupo de Imagen Molecular, coordinado polo investigador Pablo Aguiar Fernández, quen actuará ademais como interlocutor. Por parte de Galaria actuará como responsable e interlocutora Rocío Mosquera Álvarez.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

O orzamento máximo estimado para o cumprimento das actividades recollidas no obxecto deste convenio ascende a 277.200,00 euros que se farán efectivos con cargo aos recursos financeiros de Galaria previa xustificación ao final de cada semestre pola FIDIS dos traballos realizados segundo o anexo, de conformidade coa seguinte distribución:

Anualidade	Importe	1º Semestre	2º Semestre
2023	23.100 €		23.100 €
2024	92.400 €	46.200 €	46.200 €
2025	92.400 €	46.200 €	46.200 €
2026	69.300 €	46.200 €	23.100 €
TOTAL	277.200 €		

As presentes achegas cubrirán os custes da realización das actividades sen que ningunha das partes obteña beneficio ou lucro.

Este importe total xustificárase documentalmente pola FIDIS segundo se vaia incorrendo nos custes asociados en función das distintas actividades previstas e previa presentación por parte da Fundación dunha memoria económica xustificativa ao final de cada semestre onde se detallen, de xeito indubidable, os traballos realizados nos distintos fitos indicando os custes incorridos en aplicación deste convenio. Dita xustificación será proporcionada polo departamento que corresponda da FIDIS e validada no seu caso polo departamento económico administrativo de Galaria como paso previo a facer efectivo os importes semestrais indicados.

CUARTA.- PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

No marco deste Convenio, tanto Galaria como a FIDIS poderán autorizar ao seu persoal para que desenvolva actividades previstas no presente convenio en instalacións da outra entidade, sen que iso supoña ningunha alteración na relación xurídica e contractual do persoal con cadansúa institución de orixe. Este persoal estará obrigado, en todo caso, a cumprir coas normas internas que rexan no centro de destino.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta formada por:

- Un representante da Consellería de Sanidade.
- Un representante do Servizo Galego de Saúde.
- Tres representantes da FIDIS.
- Un representante de Galaria

Á Comisión correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do acordado.
- b) Propoñer posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- c) Preparar os convenios específicos de execución, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.
- d) Elevar as propostas que elabore, aos órganos competentes das partes.

e) Realizar o seguimento dos convenios específicos que se subscriban, así como aclarar e decidir calquera dúbida e discrepancia respecto da interpretación e cumprimento deste convenio.

A comisión reunirase, con carácter ordinario unha vez ao ano, previa convocatoria. Con carácter extraordinario se reunirá sempre que o solicite calquera das partes.

SEXTA.- VIXENCIA.

O presente Convenio entrará en vigor no momento da súa firma e a súa vixencia será de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, sen que en ningún momento o período de vixencia poida superar o límite temporal establecido no artigo 34.2 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

SÉTIMA.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS, CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asumen as obrigas contidas no presente convenio e comprométense a non difundir, baixo ningún concepto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que poida ter acceso no desenvolvemento do presente Convenio, agás consentimento expreso, e sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

Neste sentido, a parte receptora da citada información a manterá en confidencialidade e estrito secreto, e evitará revelala a calquera, fóra daqueles empregados autorizados e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto deste Convenio.

Obríganse os participantes no presente convenio ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Así mesmo, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como no resto de lexislación vixente nesta materia, as partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente Convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan empregalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada

caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

En caso de incumprimento do estipulado nesta cláusula, a parte responsable do incumprimento e os traballadores que formen parte do equipo de traballo, serán responsables das infraccións que se deriven do mesmo.

A publicación de traballos científicos derivados do presente Convenio será comunicada e se fará referencia a participación de ambas entidades no apartado de Material e métodos o en agradecementos.

OITAVA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual derivada das accións precisas para a materialización do obxecto do presente convenio atribuirase en exclusiva a Galaria, en aplicación do previsto no artigo 308.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Calquera uso de información obtida no cumprimento do presente convenio estará suxeita ao cumprimento da normativa vixente segundo a información e datos tratados e deberá contar coa autorización e conformidade da outra parte; así mesmo deberá dispor da previa autorización e conformidade do Servizo Galego de Saúde e da FIDIS.

Serán obxecto de protección: os coñecementos técnicos, descubrimentos, invencións, datos e métodos.

A FIDIS poderá usar os resultados para a publicación da información contida nos documentos entregados coa autorización previa de Galaria.

NOVENA .- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

Este convenio é susceptible de modificación por acordo unánime das partes no seo da comisión de seguimento, que se formalizará mediante a correspondente adenda.

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. O acordo unánime das partes.
2. O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera parte poderá formular á parte

incumplidora un requirimento para que cumpra coas obrigas ou compromisos asumidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento do Convenio.

4. A resolución xudicial.
5. A denuncia expresa do Convenio manifestada por calquera das partes con tres meses de antelación.
6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nunha lei que sexa de aplicación.

A Comisión de Seguimento continuará en funcións e será a encargada de resolver as cuestións que puideran plantexarse en relación coas actuacións en curso o derivadas do convenio específico e, así mesmo, para o caso de producirse a extinción, ata que se resolvan as cuestións pendentes.

DÉCIMA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, resultando de aplicación o previsto nas súas cláusulas, o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e o previsto na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no que se refire á súa vixencia e duración. Este convenio queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no seu artigo 6.1 da citada lei.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo

UNDÉCIMA.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos Arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente acordo suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos e calquera outras

especificacións referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

O que en proba de conformidade as partes asinan por triplicado exemplar no lugar e data indicados ut supra.

Por Galaria, EPSS, S.A.

Pola FIDIS:

Rocío Mosquera Álvarez

Isabel Lista García

ANEXO I

Fitos e accións asociadas, en relación coas actividades de implantación da tecnoloxía de protonterapia en Galicia

A. OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto de colaboración ten como obxectivo xeral a realización das accións e fitos necesarios para o desenvolvemento das tarefas que se correspondan cos compromisos asumidos pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde no Convenio asinado co Ministerio de Sanidade o 19/10/2021, de cara á efectiva implantación e funcionamento do centro de protonterapia (PT) de Galicia.

Téñense establecido os seguintes obxectivos técnicos :

- a) Seguimento do proxecto de instalación e posta en funcionamento do PT.
- b) Seguimento da obra civil do centro PT.
- c) Coordinación de actividades de formación.
- d) Coordinación de instalación de investigación.

Para a súa consecución establécense 4 fitos, que se corresponden coa organización das actividades que se describen de seguido.

B. ACTIVIDADES A REALIZAR NO PROXECTO

Fito WP1. Seguimento do proxecto de instalación e posta en funcionamento.

Obxectivos: Coordinación de actividades de seguimento do proxecto de Centro de protonterapia de Galicia. Contribuír ao desenvolvemento da supervisión da execución de instalación do equipamento de protonterapia, en colaboración coa empresa provedora IBA.

Descrición:

Facilitar a comunicación entre os interlocutores da empresa provedora de equipamentos a instalar (IBA), os equipos de traballo da Consellería, e os equipos de especialistas en enxeñería de instalacións (GOC Consultoría e Ingeniería) e blindaxes (QuironSalud) adscritos á empresa adxudicataria da execución das instalación de equipamentos auxiliares na obra civil (COPASA).

En particular, participárase en actividades relacionadas co seguimento da instalación e comisionado dos diferentes equipos (acelerador na sala do ciclotrón,

liña de transporte de protóns entre a sala do ciclotrón e a sala de tratamento, estrutura gantry na sala de tratamento), e na relación co CSN e a tramitación das autorizacións necesarias.

Colaborar co grupo de traballo técnico (Mesa Técnica de seguimento) do Ministerio de Sanidad para a implantación da protonterapia no SNS (Sistema Nacional de Salud).

Colaborar co grupo de traballo de Protección Radiolóxica do Ministerio para a implantación da protonterapia no SNS.

Contidos:

- Proxecto da instalación e estudo de seguridade
- Autorización CSN de construción de instalación
- Transporte e instalación de equipos IBA
- Comisionado de equipos IBA (ciclotrón, liña de haz, Gantry)
- Autorización CSN de posta en marcha da instalación
- Inicio de actividade con pacientes

Duración: 26 meses, dende novembro 2023 ate decembro 2025, data estimada de inicio de actividade do centro. Ver cronograma de actividades.

Entregable 1: Documentación e informe detallado de seguimento do proxecto de instalación e posta en funcionamento do equipamento de protonterapia IBA ProteusOne.

Fito WP2. Seguimento da obra civil do centro.

Obxectivos: O obxectivo deste fito é contribuír ao desenvolvemento da supervisión da execución de obra en colaboración cos equipos de traballo da empresa adxudicataria da mesma e da empresa subministradora do equipamento de protonterapia, Ion Beam Applications, Belxica (IBA).

Descrición:

Facilitar a comunicación entre os interlocutores da empresa provedora de equipamentos a instalar (IBA), os equipos de traballo da Consellería, e os equipos de especialistas en arquitectura (AIDHOS), modelado BIM (Arqteam), enxeñería de instalacións (GOC Consultoría e Ingeniería) e blindaxes (QuironSalud) adscritos á empresa adxudicataria da execución do proxecto (COPASA).

En particular, participárase en actividades relacionadas co seguimento da execución de obras de solucións de protección radiolóxica (bunker de blindaxe, saídas de ventilación e refrixeración, xeración de residuos, etc.), e na relación co CSN e a autorización necesaria para a aceptación da obra.

Contidos:

- Supervisión e aprobación de proxecto de obra
- Inicio de obra
- Verificación de blindaxes
- Aceptación de obra lista para equipos
- Recepción final de obra

Duración: Duración: 18 meses, dende novembro 2023 ate abril 2025, data estimada de recepción final de obra. Ver cronograma de actividades.

Entregable 2: Documentación e informe detallado de seguimento da obra civil do centro de protonterapia de Galicia.

Fito WP3. Coordinación de actividades de formación.

Obxectivos: Contribuír á coordinación das actividades de formación de persoal do plan de formación ofertado pola empresa proveedora de equipamentos (IBA).

Descrición:

Contribuír ao desenvolvemento de plans de formación complementarios.

Contribuír ao desenvolvemento de actividades de divulgación sobre protonterapia.

Colaborar co grupo de traballo de Formación do Ministerio de Sanidad para a implantación da protonterapia no SNS (Sistema Nacional de Salud).

Contidos:

- Formación inicial de IBA
- Formación especializada de IBA
- Formación complementaria
- Formación continua

Duración: 36 meses, dende novembro 2023 ate outubro 2026, data estimada de situación de actividade rutinaria con pacientes. Ver cronograma de actividades.

Entregable 3: Documentación e informe detallado de coordinación de actividades de formación de persoal do centro de protonterapia de Galicia.

Fito WP4. Coordinación de instalación de investigación.

Obxectivos: O obxectivo deste fito é contribuír ao desenvolvemento dunha liña dedicada a actividades de investigación en protonterapia, como segunda liña prevista no proxecto básico do Centro de protonterapia de Galicia, aprobado e enviado ao Ministerio. Para tal fin, a instalación aparece concibida como unha infraestrutura de servizos á investigación en protonterapia, có obxectivo expresado na cláusula segunda do convenio entre o Ministerio, as CCAA e a Fundación, de *"facilitar la investigación clínica y de desarrollo tecnológico relacionado con este tipo de tratamiento"*.

Descrición:

Contribuir ao desenvolvemento do proxecto de instalación dunha liña dedicada equipada para dar servizo a actividades de investigación en protonterapia.

Contribuír ao establecemento de acordos de colaboración en actividades de investigación en protonterapia con outros centros nacionais e internacionais.

En particular, promovendo a participación de grupos de investigación do Sistema Universitario de Galicia, de centros de investigación e empresas con sede en Galicia, e de redes de colaboración existentes con centros de Portugal, en temáticas relacionadas coa protonterapia.

Contidos:

- Acordo Xunta-IBA (Research partnership)
- Proxecto de instalación "IBA proton research system"
- Autorización CSN modificación IRA
- Instalación de 2º ciclotrón
- Instalación de liña de haz para investigación
- Autorización CSN de posta en marcha de 2º liña de haz
- Inicio de actividades de investigación

Duración: 36 meses, desde novembro 2023 ate outubro 2026, data estimada de inicio de actividades de investigación no centro. Ver cronograma de actividades.

Entregable 4: Documentación e informe detallado de coordinación da instalación de investigación do centro de protonterapia de Galicia.

C. POSIBLE EXTENSIÓN A OUTRAS ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN RELACIONADAS

Aínda que as actividades do proxecto son as indicadas, é interesante considerar as sinerxias que a colaboración FIDIS-GALARIA abre a opcións futuras que poden ser de interese mutuo. Outras posibles actividades de colaboración nesta liña (non incluídas neste acordo) poderían ser:

1. Coordinación da formación de persoal en centros de PT de referencia.
2. Participación na selección do equipo de persoal técnico especializado.
3. Colaboración en actividades de I+D en tecnoloxías innovadoras en PT.

ANEXO II

CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES

	2023	2024				2025				2026		
	10-12	1-3	4-6	7-9	10-11	1-3	4-6	7-9	10-11	1-3	4-6	7-9
WP1. Seguimento do proxecto de instalación												
• Proxecto da instalación e estudo de seguridade												
• Autorización CSN de construción de instalación												
• Transporte e instalación de equipos IBA												
• Comisionado de equipos IBA												
• Autorización CSN posta en marcha instalación												
• Inicio de actividade con pacientes												
WP2. Seguimento da obra civil do centro												
• Supervisión e aprobación de proxecto de obra												
• Inicio de obra												
• Verificación de blindaxes												
• Aceptación de obra lista para equipos												
• Recepción final de obra												
WP3. Coord de actividades de formación												
• Formación inicial de IBA												
• Formación especializada de IBA												
• Formación complementaria												
• Formación continua												
WP4. Coord de instalación de investigación												
• Acordo Xunta-IBA (Research partnership)												
• Proxecto instalación "IBA proton research"												
• Autorización CSN modificación IRA												
• Instalación de 2º ciclotrón												
• Instalación de liña de haz para investigación												
• Autorización CSN posta en marcha de 2º liña												
• Inicio de actividades de investigación												